		B5.6	B5.3. Utilizar o vocabulario axeitado para a descrición de situacións relacionadas co azar e a estatística, analizando e interpretando informacións que aparecen nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.).	MACB5.3.1	Utiliza un vocabulario axeitado para describir, cuantificar e analizar situacións relacionadas co azar.	50%	5%				X	X		X	X		
				MACB5.4.1	Interpreta criticamente datos de táboas e gráficos estatísticos.[]	50%	5%				X	X	X	X	X		
		B5.7 B5.8 B5.9 B5.10 B5.11 B5.12	B5.4. Elaborar e interpretar táboas e gráficos estatísticos, así como os parámetros estatísticos máis usuais, en distribucións unidimensionais e bidimensionais, utilizando os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora ou computador), e valorando cualitativamente a representatividade das mostras utilizadas.	MACB5.4.2.	Utiliza medios tecnolóxicos para o tratamento de datos e gráficos estatísticos, para extraer informacións e elaborar conclusións.	50%	10%				X	X		X	X		
				MACB5.4.3.	Calcula e interpreta os parámetros estatísticos dunha distribución de datos utilizando os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora ou computador).	50%	10%				X	X		X	X		
				MACB5.4.4.	Selecciona unha mostra aleatoria e valora a representatividade de mostras pequenas	50%	2,5%							X	X		
				MACB5.4.5	Representa diagramas de dispersión e interpreta a relación entre as variables	50%	10%				X	X		X	X		

LEDA COMPETENCIAS

CCL	Comunicación lingüística
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia a tecnoloxía
CD	Competencia dixital
CAA	Competencia aprender a aprender
CSC	Competencias sociais e cívicas
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
CCEC	Conciencia e expresións culturais

LEDA TRANSVERSAIS

CL	Comprensión lectora
EOE	Expresión oral e escrita
CA	Comunicación audiovisual
TIC	Tecnoloxías da información e comunicación
EMP	Emprendemento
EC	Educación cívica
PV	Prevención da violencia

5. Metodoloxía didáctica

Estratexias metodolóxicas

Aspectos xerais

- Axustarse ao nivel competencial inicial do alumnado.
- Partir de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara outros máis complexos.
- Potenciar a motivación do alumnado fomentando a súa participación, así como o uso dos coñecementos adquiridos en situacións reais.
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Combinar traballo individual e cooperativo.
- Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas.
- Uso habitual das TIC.
- Papel facilitador do profesor/a.
- Elaboración e deseño de diferentes materiais didácticos por parte do profesorado.

Estratexias metodolóxicas

- Exposición do profesor, para presentar contidos novos, poñer exemplos, etc.
- Traballo individual, para practicar o aprendido con exercicios de aplicación do contidos, de exploración, desenrolar rutinas alxóricas.
- Traballo de investigación (individual ou en pequenos grupos), empregando diversos materiais didácticos e as TIC, para atopar relacións, resolver problemas, etc.
- Resolución de problemas en contextos reais, coa finalidade de aplicar o aprendido.
- Posta en común dos resultados para corrixir erros e consolidar o que se aprende.

Secuenciación habitual de traballo na aula

1) Motivación (ao inicio de cada unidade didáctica):

- Proposta de situacións problemáticas reais ou académicas que fagan ver a necesidade de aprender os contidos que se van desenvolver.

2) Información do profesor/a:

- Exposición dos contidos, propiedades, teoremas, exemplos de aplicación, etc da unidade didáctica.
- Proposta de exercicios ou de problemas para realizar na clase ou na casa.

3) Traballo persoal

- Realización de exercicios sobre o explicado na clase para afianzar algoritmos e estratexias de cálculo.
- Resolución de problemas.
- Realización de traballos individuais ou en pequenos grupos usando as TIC.
- Consulta de dúbidas.

4) Posta en común

- Corrección por parte do alumnado dos exercicios realizados, ou dos que se propuxeron como tarefa para casa.
- Exposicións orais.
- Análise das dificultades atopadas no desenrolo do traballo realizado.

5) Proposta de exercicios de afianzamento, de reforzo ou de ampliación segundo sexan as necesidades de cada alumno/a.

1.- Agrupamentos

Non hai.

2. Tempos e espazos

O centro conta cunha aula de 4ºESO con:

- PDI.
- Taboleiros de xiz e rotulador.

Ademáis hai unha aula materia que conta cos mesmos taboleiros así como con:

- Biblioteca de aula.
- Material manipulativo diverso para os diferentes bloques de contido.

Se dará clase na aula materia en función da situación epidemiolóxica e as indicacións da Xefatura de Estudos.

Segundo os temas a tratar e a dispoñibilidade, as clases desenvólvense na aula de informática.

3. Materiais e recursos didácticos

- Libros de texto: Editorial Santillana, Proyecto Saber Hacer.
- Fichas de traballo elaboradas polo profesorado.
- Material manipulativo diverso.
- Material de construción para Xeometría.
- Material lúdico-matemático.
- Software matemático (Geogebra, Wiris, Derive...).
- Calculadoras.
- Recursos informáticos: procesador de textos, folla de cálculo, Internet, diapositivas...

6.1. Avaliación inicial

Posto que a profesora ten destino definitivo no centro desde hai seis cursos e imparte clase a todos os alumnos, a avaliación inicial se fará mediante a observación diaria do alumnado.

6.2. Avaliación continua

A nota de cada avaliación virá dada pola valoración de:

- Probas escritas.
- Traballos
- Observación diaria.

6.2.1) PROBAS ESCRITAS

Faranse as probas indicadas no apartado 4 desta programación.

As faltas de ortografía e tildes valoraranse negativamente con -0.10 puntos cada unha, con unha redución máxima de un punto en cada proba.

As probas escritas terán en conta a avaliación por estándares, pero posto que en matemáticas é moi difícil facer un exercicio por estándar de forma que nun mesmo exercicio se combinan varios estándares, e posto que un mesmo estándar aparece en varias unidades didácticas, e que hai que ter en conta ao longo de todo o curso o bloque I, se houbera algunha diferenza entre a cualificación do estándar entre esta programación e o exame, prevalecerá a nota do exame, pois o alumno estará informado sempre da nota de cada exercicio do exame que está a realizar, e do peso que ten cada exercicio dentro da proba.

Na proba escrita, as respostas deberán estar debidamente xustificadas. Se só se achega a solución, sen ningún tipo de explicación, a puntuación nese apartado será de cero puntos.

Ademais, no desenvolvemento dos exercicios valorarase:

- a) A utilización da linguaxe, notación e símbolos matemáticos adecuados.
- b) A utilización de argumentos, xustificacións e razoamentos coherentes.
- c) A precisión e rigor adecuados para a resolución dun problema.
- d) A interpretación da solución dos exercicios.

6.2.2) TRABALLOS INDIVIDUAIS E COLECTIVOS

Os alumnos realizarán traballos ao longo de cada trimestre que serán valorados ata 0,4 puntos da nota final divididos proporcionalmente entre o número de traballos propostos...

6.2.3) OBSERVACIÓN DIARIA: ASPECTOS A VALORAR

Valoraranse os seguintes aspectos polos que o alumno terá ata 1,6 puntos da nota final

6.2.3.1) Caderno: o caderno debe ser lexible e estar completo, tanto no referente a apuntes teóricos como a exercicios realizados. Os alumnos deben responsabilizarse de completar o seu caderno se faltan a clase, e de ter os exercicios corrixidos, despois de que sexan revisados en clase. Será valorado ata 0,4 puntos da nota final.

6.2.3.2) Tarefas: de maneira habitual os alumnos levarán exercicios para traer feitos para a seguinte clase. Non traelos, ou traelos feitos en menos do 50%, ou se se detecta que están copiados, suporá cada vez un desconto de 0.05 puntos neste apartado. Será valorado ata 0,4 puntos da nota final.

6.2.3.3) Material e comportamento e actitude: os alumnos deben traer diariamente caderno, e libro de texto, ademais do material específico que se necesite en cada tema. Se o alumno esquece o material reiteradamente o profesor poderá descontar 0,05 puntos da nota. as faltas de respecto aos compañeiros ou ao profesor, o uso indebido do material propio ou común, e calquera actitude que prexudique o normal desenvolvemento da clase suporá unha puntuación de 0 neste apartado. As chamadas de atención por molestar en clase descontarán ata 0.05 puntos da nota. Como máximo a puntuación de este apartado xunto co do material será valorado en 0,4 puntos

6.2.3.4) Exposicións de traballos e saídas ao encerado para corrixir os exercicios propostos como tarefa. Neste apartado valorarase a disposición do alumno e a destreza que amosa ao realizar os exercicios e a exposición oral do mesmo. Será valorado ata 0,4 puntos da nota final.

6.2.4) RECUPERACIÓNS

Ao inicio da segunda e terceira avaliación realizarase a todos os alumnos unha proba escrita con contidos do anterior trimestre. Esta proba terá unha dobre finalidade, de repaso para os alumnos que aprobaron a avaliación e de recuperación para aqueles que a teñan suspensa. A recuperación da terceira avaliación solo a farán os que suspendan esa avaliación e será antes do 6 de xuño.

6.2.5) CÁLCULO DA NOTA DA AVALIACIÓN

A nota da avaliación calcúlase en base aos seguintes puntos, tendo en conta que as notas de todas as probas escritas teñen que ser iguais ou superiores a 3:

1. Calcúlase en cada unidade a media redondeada ás centésimas de probas escritas. A nota das probas escritas serán un 80% da nota da avaliación.
2. Calcúlase en cada unidade a media ponderada dos traballos redondeada as centésimas, o que suporá un 4% da nota da avaliación
3. Calcúlase o 16% da nota do traballo diario, caderno, material e actitude e comportamento, redondeando ás centésimas.
4. Súmanse as notas dos apartados 1, 2 e 3.

A nota da avaliación será a parte enteira da nota calculada desta forma.

Se algún alumno ten algún exame con nota inferior a 3 e a súa nota calculada da anterior forma é superior a 5, levará no trimestre unha nota de 4, pois ten estándares de aprendizaxe sen adquirir.

6.2.6) OUTRAS CUESTIÓNS

6.2.6.1) Falta de asistencia a un exame: se un alumno falta a un exame terá dereito a facer o exame noutra data que fixe o profesor nos seguintes casos:

- Enfermidade ou cita médica, con xustificante médico, que terá que entregar ao profesor o día que se reincorpore ás clases.
- Problema familiar ou persoal: os pais ou titores deberán poñerse en contacto co profesor.
- Participar en competicións deportivas ou actuacións documentalmente xustificadas polo organismo que as convoque.
- Presentación a exames oficiais, documentalmente xustificado

Non caso de non presentarse a un exame e non estar a falta xustificada, o alumno terá dereito a avaliación deses contidos, pero polo carácter continuo da avaliación os contidos do exame serán incluídos na seguinte proba.

6.2.6.2) Copiar nun exame suporá un cero na nota de este.

6.3. Avaliación final (extraordinaria)

6.3.1) PROBA DE RECUPERACIÓN FINAL

6.3.1.1) Poden presentarse á avaliación final os alumnos con unha, dúas ou tres avaliacións suspensas, facendo un exame de recuperación das avaliacións que teña.

6.3.1.2) Estándares que se avalían: os desenvolvidos ao longo do curso na correspondente avaliación.

6.3.1.3) A proba terá lugar nas datas fixadas pola xefatura de estudos a finais do mes de xuño.

6.3.2) CÁLCULO DA NOTA FINAL (TRAS O EXAME DE RECUPERACIÓN FINAL)

1. Alumnos con todas as avaliacións aprobadas: a nota final é a nota media das tres avaliacións, aplicando o redondeo matemático.
2. Alumnos cunha avaliación suspensa: No caso de acadar nese exame unha nota maior ou igual que 3, calcúlase a nota final como nota media das tres avaliacións.
3. Alumnos con dúas avaliacións suspensas ou cunha avaliación suspensa con nota inferior a 3: suspenden o curso.

NOTA: Se un alumno suspende por ter nota inferior a 3 nunha avaliación, ou por ter dúas avaliacións suspensas, pero a súa nota media é maior ou igual que 5, a nota final é 4.

6.3.3) CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Os criterios de promoción son os fixados pola normativa vixente.

6.4. Materia pendiente de cursos anteriores

Seguimento

- 1) A materia divídese en dúas partes. Ao inicio do curso o departamento informará a cada alumno/a coa materia pendiente de como se estrutura esta división e que contidos entran en cada unha.
- 2) Polo carácter continuo da materia o seguimento farao o profesor do curso actual do alumno.
- 3) Os profesores do departamento estarán a disposición dos alumnos pendentes para axudarlles a realizar os exercicios propostos, explicar, aclarar dúbidas, etc.

Como se avalía?

Haberá dúas probas para avaliar aos alumnos pendentes: a primeira proba terá como referencia a primeira parte da materia pendiente e será na última semana de xaneiro, e a segunda proba sobre a segunda parte da materia pendiente será no mes de maio, coincidindo coa data oficial de avaliación de pendentes.

Consideracións a ter en conta:

- 1) Se un alumno ten unha nota igual ou superior a 4.5 no curso que está considérase que aproba os contidos desa mesma parte do curso anterior. A nota da pendiente no contido será de 5 desde 4.5 a 5.5, de 6 desde 5.5 a 6.5 e así sucesivamente.
- 2) A primeiros do mes de xaneiro o profesor informará por escrito a cada alumno/a de que partes se ten que examinar a final de mes e fará o mesmo no mes de maio.
- 3) Os alumnos que non se presenten ou suspendan a proba de finais de xaneiro terán que examinarse de todos os contidos non alcanzados da materia pendiente no mes de maio.

Cualificación final

A nota final da materia pendiente é a nota media dos exames, se a cifra das décimas é un 5, a nota redondéase á unidade seguinte. En caso contrario, mantense como nota a cifra das unidades. Se un alumno suspende na avaliación ordinaria deberá presentarse con toda a materia a proba final de xuño do curso correspondente pendiente

Proba final de xuño (extraordinaria). Cualificación

Para o cálculo da nota tras a avaliación final de xuño, se a cifra das décimas é un 5, redondéase á unidade seguinte. En caso contrario, a nota é a parte enteira.

7. Outras avaliacións

7.1. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente	Escala			
(Indicadores de logro)				
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				
Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames, etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

7.2. Avaliación da programación didáctica

1.- Mecanismo revisión

Con que periodicidade se revisará

O seguimento da programación revisarase mensualmente, na reunión do departamento.

Que medidas se adoptarán en caso de desfase?

- 1) Secuenciar novamente os contidos.
- 2) Modificar a programación se se considera necesario para os cursos vindeiros.

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica	Escala			
(Indicadores de logro)	1	2	3	4
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

8. Atención á diversidade

Medidas de atención á diversidade no presente curso

MEDIDAS ORDINARIAS

Organizativas	Curriculares
<p>1. Adequouse para algún alumno/a a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo?</p> <p>a) Tempos diferenciado, horarios específicos, etc.</p> <p>b) Espazos diferenciados?</p> <p>c) Materiais e recursos didácticos diferenciados?</p> <p>Non a todas as preguntas</p> <p>2. Faise algún desdoblamento de grupos?</p> <p>Non.</p> <p>3. Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula?</p> <p>Non.</p> <p>4. Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a?</p> <p>Non.</p> <p>5. Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia?</p> <p>- Realizar os exercicios que o profesor que envía ao alumno á aula de convivencia considere precisos.</p>	<p>1. Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.?</p> <p>Non.</p> <p>2. Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a?</p> <p>Non.</p> <p>3. Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 4º da ESO?</p> <p>Non.</p> <p>4. Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia?</p> <p>- O departamento ten un sistema de recuperación da materia pendente (ver apartado 6.5) pero non hai ningún alumno que a teña.</p> <p>5. Aplicase ese programa específico personalizado para repetidores da materia?.</p> <p>- Non.</p>

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Organizativas	Curriculares
<p>1. Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL? Ningún.</p> <p>2. Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)? Non.</p> <p>3. Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular(Al. estranxeiro)? Non.</p> <p>4. Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.? Non.</p>	<p>1. Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas? Non hai en 4ºESO.</p> <p>2. Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico? Non.</p> <p>3. Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)? Non procede en 4ºESO.</p> <p>4. Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización? Non.</p> <p>5. Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc) A xefa de departamento ten reunións periódicas co departamento de Orientación do centro.</p>

9. Actividades complementarias e extraescolares

O departamento non ten programada ningunha actividade extraescolar a priori debido á situación sanitaria existente.

Se participará nas actividades propostas desde a Xefatura de Estudos e/ou o Departamento de Orientación e se celebrarán con algunha actividade matemática o Día de π e o Día escolar das matemáticas.

10. Contidos, metodoloxía e avaliación en caso de ensinanza non presencial.

Debido á situación de pandemia mundial por causa do COVID-19 nos dous últimos cursos, se vai manter este apartado na programación por se houbera un confinamento parcial por causa de un contaxio ou unha ensinanza non presencial porque as autoridades sanitarias así o consideren para evitar a propagación deste ou outro virus.

Os **contidos** impartidos aos alumnos serán os que aparecen no punto 3 desta programación coa temporalización indicada, aínda que en caso de que a ensinanza sexa non presencial (por un período curto ou mais longo) se incidirá principalmente nos estándares con mais peso na cualificación (punto 4 desta programación) por ser considerados de maior importancia de cara o curso que ven.

A ensinanza non presencial sería a través da aula virtual e empregando tanto a páxina web do centro como a dirección de correo mates.cpi.san.do.carballo@gmail.com creada pola profesora o curso pasado por causa do confinamento.

A **metodoloxía** consistiría na exposición dos contidos a través de vídeos ou temas realizados pola profesora con exemplos e exercicios resoltos, e na realización de exercicios que deberían ser feitos e entregados polos alumnos semanalmente no prazo indicado.

En canto á **avaliación** cómpre distinguir entre unha ensinanza non presencial por un período curto ou por un trimestre:

-Período curto:

Se dividirían os 2 puntos de “traballo en casa, actitude, caderno, pizarra e traballos” entre o número de semanas do trimestre e se multiplicaría polo número de semanas en casa. Cada traballo entregado en prazo contaría a parte proporcional correspondente sendo puntuado en función do grado de consecución baixo, medio-baixo, medio-alto, alto. Un traballo entregado fóra de prazo contaría como entregado cun grado de consecución baixo. O traballo non entregado conta 0 puntos.

Con respecto aos exames, e posto que a avaliación é continua, os contidos do exame a realizar no período de cuarentena indicado polas autoridades se avaliarían xunto cos do seguinte tema, sempre e cando a profesora teña tempo de ter dúas notas de exames desa avaliación. En caso contrario, se realizaría ou ben o día seguinte ao de incorporación ás aulas (para deixar un día para dúbidas), ou ben a través da Aula Virtual e da plataforma Webex posta a disposición do profesorado pola Xunta de Galicia. En calquera caso, a forma de realización do exame sería informada aos pais/nais/titores a través de Abalar.

-Trimestre:

Se dividirían os 2 puntos de “traballo en casa, actitude, caderno, pizarra e traballos” entre o número de semanas do trimestre. Cada traballo entregado en prazo contaría a parte proporcional correspondente sendo puntuado en función do grado de consecución baixo, medio-baixo, medio-alto, alto. Un traballo entregado fóra de prazo contaría como entregado cun grado de consecución baixo. O traballo non entregado conta 0 puntos.

Con respecto aos exames, se realizarían a través da Aula Virtual e da plataforma Webex posta a disposición do profesorado pola Xunta de Galicia de forma que os alumnos teñan a lo menos dúas notas no trimestre.

Para a materia pendente o alumnos deberá entregar todos os traballos propostos das partes non superadas a lo menos cun grado de consecución medio.

En calquera caso, todos os aspectos relativos a contidos, estándares, metodoloxía e avaliación foron informados ao inicio do curso escolar segundo artigo 9.4 do DOG do 9 de xullo de 2020 aos alumnos. En caso de ensinanza non presencial se recordaría aos pais/nais/titores a través de ABALAR.

11. Datos do departamento

Materia	Curso	Profesora
Matemáticas	4º ESO	Beatriz Becerra Lage

12. Relación coa Resolución do 27/07/2015 (DOG 29)

Elementos	Aspectos
a	Introdución e contextualización
b	Contribución ás competencias básicas
c	Concreción dos obxectivos adaptados ao alumno e ao contexto
d	Concreción para cada estándar
	1º.- Temporalización
	2º.- Grao mínimo de consecución
	3º.- Procedementos e instrumentos av.
e	Concrecións metodolóxicas
f	Materiais e recursos didácticos
g	Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción
h	Indicadores de logro para avaliar o proc. ensino e p.d.
i	Organización actividades , seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentas
j	Procedemento acreditación coñecementos previos
k	Avaliación inicial e medidas
l	Medidas de atención á diversidade
m	Concreción de elementos transversais
n	Actividades complementarias e extraescolares
ñ	Revisión, avaliación e modificación da programación